CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

Rº EE.LL. - Nº 01150183 · Nº R.EE.LL. G: MU 2000/1 · C.I.F. P-1501800-E

# BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E OITO DE XUÑO DE DOUS MIL CATORCE.

**ASISTENTES:**

Presidente:
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

**CONCELLEIROS/AS:**

D.ª MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. FERNANDO VILAR DÍAZ

**SECRETARIO:**
D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e oito de xuño de dous mil catorce baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.
Disculpan a súa asistencia D.ª Delia Paz Ardao e D.ª Olga María Blanco Teijeiro.

## 1- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26 DE ABRIL DE 2014

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e seis de abril de dous mil catorce.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## 2. INFORME DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014. DAR CONTA.

A petición do Sr. Alcalde - Presidente, polo Secretario - interventor do concello infórmase ao Pleno da Corporación que o derradeiro trinta de abril, remitiuse ao Ministerio de Economía e Facenda - oficina virtual para a coordinación financieira coas Entidades Locais os datos económicos deste concello correspondente á execución trimestral (1° trimestre) do exercicio 2014. Todo elo ao abeiro do establecido na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financieira e a orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na citada Lei.

Neste primeiro trimestre do exercicio 2014 o Concello da capela cumpre cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, sendo o nivel de débeda equivalente a 0,00 €.

O Pleno da Corporación queda enterado.

## 3. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL COMO CONSECUENCIA DA SENTENCIA RECAÍDA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 283//2012. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao Pleno da Corporación que como consecuencia da Sentencia ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 1 de Ferrol no procedemento ordinario 283/2012 sobre reclamación polos veciños do Monte Fontardión (Lobeira) o Concello cumpriu a Sentencia no sentido de solicitar do Rexistro da Propiedade de Pontedeume a cancelación da inscrición rexistral da finca número 2039 (Tomo 367, Libro 19, Folio 230), rexistrado no seu día a nome do Concello da Capela.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que se negociou cos veciños a cesión polos mesmos ao Concello da finca que ocupa actualmente o depósito da auga do abastecemento da Capela, así como o antigo vertedoiro do lixo, hoxe selado.

Procede pois dar de baixa no inventario municipal a finca ou fincas correspondentes á inscrita no seu día no Rexistro de Propiedade de Pontedeume.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para remitirse ao xa manifestado na Comisión Informativa de asuntos do pleno e solicitar do equipo de goberno que se intente axilizar o tema

dos Montes Corregosos, debendo informar aos interesados do precedente do Monte Fontardión (Lobeira) e a súa devolución aos veciños por Sentencia Xudicial.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, remítese ao xa manifestado polo seu grupo na Comisión informativa de asuntos do Pleno, realizada o día 19 de xuño de 2014.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión acorda:

Único. Rectificar o inventario de Bens do Concello aos efectos de dar de baixa a finca ou fincas de referencia afectadas pola Sentencia xudicial dictada polo Xulgado de Primeira Instancia número 1 de Ferrol, no procedemento ordinario 283/2012.

## 4. DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA

Dase conta dos Decretos e Resolucións da alcaldía dende o día vinte e un de abril de dous mil catorce ata o día vinte de xuño de dous mil catorce, que de seguido se relacionan

**ABRIL:**

- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 21 de abril de 2014, aprobación certificación número un (1) da obra "Mellora de camiños municipais: Pousadoiro e outros", por importe de 19.818,55 €.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 21 de abril de 2014, concesión do día 2 de maio por asuntos propios ó Secretario-Interventor D. José Antonio Meizoso Paz.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.04.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.04.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 22.04.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 22 de abril de 2014, aprobación do Plan de Seguridade e Saúde no Traballo da obra "Mellora dos camiños municipais: Pousadoiro e outros, incluída no

Plan de Mellora de Camiños Municipais 2013-2014, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 23.04.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 23.04.2014, aprobación facturas-pago.
- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 30 de abril de 2014, nomeamento dos vogais da Comisión Avaliadora de Subvencións a Entidades 2014.
- **URBANISMO:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 30 de abril de 2014, devolución de expediente denuncia urbanística a APLU como órgano competente para a súa tramitación e Resolución do expediente 107A-2012-377.

**MAIO:**

- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 5 de maio de 2014, alta no padrón municipal de habitantes de Dª. Miriam de la Fuente Bravo, no lugar de Mourente, 12.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.05.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.05.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 6 de maio de 2014, aprobación expediente de incorporación de remanentes de crédito procedentes do exercicio 2013, ao orzamento 2014 por importe de 32.748,06 €.
- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 7 de maio de 2014, concesión subvención a ANPA do Ceip Mosteiro de Caaveiro por importe de 550 euros. A Asociación Cultural O Pértego concesión de subvención por importe de 450 euros. A Asociación Deportiva e Cultural A Capela concesión de subvención por importe de 1.000 euros. A Asociación Coral Airiños da Capela concesión de subvención por importe de 1.000 euros. A Sociedade recreativa deportiva Nosa Sra. De As Neves concesión subvención por importe de 400 euros. A Asociación do Cemiterio Veciñal da Capela concesión de subvención por importe de 400 euros. O Museo Etnográfico da Capela subvención por importe de 1.500 euros. A Asociación Cultural e Deportiva "Noso Lar" concesión subvención por importe de 350 euros. A Asociación de Pescadores "A Ventureira" concesión de subvención por importe de 400 euros.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 09.05.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 09.05.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 10.05.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 12.05.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 12 de maio de 2014, aprobación do expediente de licitación e contratación da obra denominada "Acondicionamento interior dos vestiarios e asesos do ximnasio e piscina municipal", cun orzamento que ascende á cantidade de 71.355,15 euros, ive engadido.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 12 de maio de 2014, concesión do día 14 de maio á funcionaria Dna. Olga Galdo López por asuntos propios.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 13.05.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 13.05.2014, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 15 de maio de 2014, concesión do día 23 de maio de 2014 ó Secretario - Interventor D. José Antonio Meizoso Paz por asuntos propios.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 15 de maio de 2014, desestimación da solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial ao Concello formulada por D. Alfonso Salgado Rodríguez.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 15 de maio de 2014, desestimación da solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial ao Concello formulada por Dna. María José Pérez Graña e Dna. Rosa María Pérez Graña.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.05.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.05.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 16 de maio de 2014, aprobación da certificación número dous (2) e final da obra: Mellora de camiños municipais: Pousadoiro e outros, por importe de 25.181,45 euros.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.05.2014, aprobación gasto.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.05.2014, aprobación facturas-pago.
- **URBANISMO:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 20 de maio de 2014, aprobación formularios para comunicacións previas de actos de uso do solo e subsolo, apertuara de actividades e cambios de titularidade de establecementos, según o establecido na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 20 de maio de 2014, aprobación do expediente para a licitación e contratación das obras denominadas: Saneamento de augas residuais na Estoxa e Colector de saneamento en Sande.
- **OBRAS:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 26 de maio de 2014, aprobación solicitude acometida de auga do abastecemento municipal formulada por PEIZÁS, S.L.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.05.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.05.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 28 de maio de 2014, adxudicación da contratación da obra denominada **"Acondicionamento interior dos vestiarios e asesos do ximnasio e piscina municipais"**, á oferta presentada pola empresa Huso 29 Estudios y Construcciones, S.L. polo prezo de 69.928,05 euros.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 28.05.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 28.05.2014, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 30 de maio de 2014, elaboración do padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida e tratamento de RSU correspondente ao 2º trimestre 2014.
- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 30 de maio de 2014, aprobación inicial do Padrón Fiscal correspondente á Taxa do Sumidoiro para o exercicio 2014.

**XUÑO:**

- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 2 de xuño de 2014, solicitude subvención á Demarcación Territorial da Consellería de Traballo e Benestar na Coruña, por importe de 12.000,00 euros, para "Accións medioambientais no Concello da Capela".

- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 3 de xuño de 2014, autorización a D. Alberto Millarengo Agulló para espectáculo pirotécnico o día 8 de xuño de 2014, no lugar de Estoxa.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 4 de xuño de 2014, adxudicación da obra "Saneamento de augas residuais na Estoxa" á empresa Transportes y Excavaciones Jesús Cancello Fernández y Otro, S.P.C., polo prezo de 30.000,00 euros.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 4 de xuño de 2014, adxudicación da obra "Colector de saneamento en Sande" á empresa Transportes y Excavaciones Jesús Cancello Fernández y Otro, S.P.C., polo prezo de 35.000,00 euros.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.06.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.06.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 6 de xuño de 2014, aproabación e cancelación do aval definitivo presentado por Areco, S.L. para garantir a execución do contrato da obra "Parque público en As Neves", por importe de 3.707,63 €.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 06.06.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 06.06.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 09.06.2014, aprobación gasto.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 11 de xuño de 2014, adhesión ao plan de financiamento das cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2014.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 12.06.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 13.06.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 16.06.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 17 de xuño de 2014, adhesión ao "Punto xeral de entrada de facturas electrónicas do estado-face", do ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 18 de xuño de 2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Paulino Colaco Gama, no lugar de A Teixeira, 7.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.06.2014, aprobación gasto.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.06.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.06.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.06.2014, aprobación facturas-pago.
- **SUBVENCIÓNS:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 20 de xuño de 2014, solicitude subvención nominativa por importe de 28.644,85 euros, para á execución da obra "Ampliación da rede de sumidoiros na Estoxa", que ascende á cantidade de 35.806,07 €.

O Pleno queda enterado.

## 5. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS

Non se presentou ningunha moción polos distintos Grupos políticos municipais.

## 6. ROGOS E PREGUNTAS

Non se presentaron.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas dez minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**

Manuel Meizoso López

**O Secretario,**

José A. Meizoso Paz